



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana

EDICTO

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno de data 21.10.2015, de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, por non se ter presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, de conformidade co disposto no art. 17.4 do RDL. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada para os efectos da súa entrada en vigor.

-. Modifícase o cadro do art. 8 apartado 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

- a) Períodos de un (1) ata cinco anos: 2,64 por cento.
- b) Períodos de ata dez anos: 2,53 por cento.
- c) Períodos de ata quince anos: 2,41 por cento.
- d) Períodos de ata vinte anos: 2,28 por cento

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos establecidos nas normas reguladoras de xurisdición contencioso administrativo.

Brión, 2 de decembro de 2015

O alcalde

José Luis García García

2015/11865